
Boletín 5

6 de outubro – 10 de outubro

Actividades Culturais

Título da actividade Exposición 'A emoción creadora. Manuel Gómez Román e a arquitectura galeguista'

Destinatarias Toda a comunidade

Axente que organiza Decanato da Facultade de Filoloxía

Datas 25 de setembro – 28 de novembro

Lugar 1º. andar

Horario 8.30 a 20.30 h.

Descrición A exposición repasa brevemente a traxectoria do arquitecto vigués, galeguista e expoñente da arquitectura rexionalista galega.

Desde a Asemblea Nacionalista de Lugo (1918), a procura dunha arquitectura prototipicamente galega converteuse nunha prioridade para os intelectuais galeguistas que, como Otero ou Castelao, vían o románico e o barroco como os períodos de máximo esplendor da arquitectura galega. Gómez Román (Vigo, 1876-1964), que foi secretario xeral do Partido Galeguista, director de sección no Seminario de Estudos Galegos e membro da Real Academia Galega (1953), comprometeuse con este tipo de arquitectura tanto na práctica como na súa ampla colección de debuxos ideais de casas, vilas e cidades galegas.

A mostra conta tamén con dous traballos de virtualización de Carlos Paz Lorenzo e Andrés Armesto Cortiña do Centro Infográfico Avanzado de Galicia.



A EMOCIÓN CREADORA

Manuel Gómez Román e
a arquitectura galeguista

Facultade de Filoloxía
25/09/2025 - 28/11/2025



FACULTADE DE FILOLOXÍA



XUNTA
DE GALICIA

Actividades Culturais

Título da actividade Exposición Singulario, Dicionario Visual

Axente que organiza Decanato, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo

Datas Do 12 de xuño ao 10 de outubro


Lugar Facultade de Filoloxía - Escaleiras

Enderezo electrónico de contacto filoloxia.decanato@usc.es,
escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.gal

Descrición da actividade Ilustración fotográfica de termos recollidos no dicionario da Real Academia Galega.

O proxecto está realizado polo estudiantado do 1º curso do Ciclo Superior de Fotografía da EASD Mestre Mateo. Trátase dun traballo proposto no módulo Proxectos 1, co que se busca profundar na aprendizaxe da linguaxe compositiva.

Con este soporte final, o dicionario visual, pretenden tender pontes entre a linguaxe visual e a escrita, creando unha única unidade significativa.



Actividades Culturais

Título da actividade CineFilo: 2ª sesión (6º ciclo)

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Axente que organiza Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

Data 7 de outubro de 2025

Lugar Salón de Actos, Facultade de Filoloxía

Horario 17:00 - 20:00 h

Enderezo electrónico de contacto proxecto.cinefilo@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

Descrición da actividade

O vindeiro martes 7 de outubro, CineFilo continúa o seu 6º ciclo cunha sesión dedicada á artista estadounidense Suzan Pitt.

Presentadas por Itziar Burruel de Larrañaga, estudante de Lingua e Literaturas Modernas (mención en francés), serán proxectadas "Asparagus" (1979) e "Joy Street" (1995), dúas das súas curtametraxes animadas de estética surrealista.

CineFilo PRESENTA



CURTAMETRAXES DIRIXIDAS POR SUZAN PITT

Asparagus (1979)
Joy Street (1995)

07/10/2025
Martes, 17h
Salón de Actos
Facultade de Filoloxía

Actividade aberta e de balde para o público xeral
Recoñecida con 1 crédito ECTS para estudantes da USC
Máis información en Instagram: @cinefilo.usc

Actividades Culturais

Título da actividade Lectura e coloquio arredor da obra "O Rei Sabio"

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Organiza Grupo de investigación Síncrisis/ iHUS

Data 22 de outubro de 2025

Lugar Sala Académica (1º andar)

Horario 11:00

Enderezo electrónico de contacto

miguel.giadas.quintela@usc.es

Descrición da actividade

Conversa entre Henrique Monteagudo (USC, ILG, presidente da RAG) e o autor da obra, Simon R. Doubleday (USC, CISPAC), xunto cunha lectura de pasaxes na voz do tradutor, Miguel Giadás (USC, iHUS)

Lectura e coloquio arredor da obra "O Rei Sabio"



Imaxe xerada con IA

22 de outubro de 2025, ás 11:00
Sala Académica (1º andar) da Facultade de Filoloxía

Conversa entre Henrique Monteagudo (USC, ILG, presidente da RAG) e o autor da obra, Simon R. Doubleday (USC, CISPAC), xunto cunha lectura de pasaxes na voz do tradutor, Miguel Giadás (USC, iHUS)

Actividades Culturais

Título da actividade CineFilo: 3ª sesión (6º ciclo)

Destinatarias Toda a comunidade universitaria

Organiza Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

Data 30 de outubro de 2025

Lugar Salón de Actos, Facultade de Filoloxía

Horario 17:00 - 20:00 h

Enderezo electrónico de contacto proxecto.cinefilo@usc.gal


Ligazón á páxina web ou rede social

<https://www.instagram.com/cinefilo.usc/?hl=es>

Descrición da actividade

O vindeiro martes 30 de outubro, CineFilo continúa o seu 6º ciclo cunha sesión dedicada ao cinema brasileiro. Presentada por Mariana Killner, profesora lectora de lingua e literaturas portuguesas, proxectaremos "Boi neon" (2015), do nordestino Gabriel Mascaro. Ademais, contaremos coa participación do Otávio Santos, compositor da banda sonora do filme.

CineFilo PRESENTA



BOI NEON

Coa presenza de Otávio Santos, compositor da banda sonora do filme (dirixido por Gabriel Mascaro)

14/10/2025
Martes, 17h
Salón de Actos
Facultade de Filoloxía

Actividade aberta e de balde para o público xeral
Recoñecida con 1 crédito ECTS para estudantes da USC
Máis información en Instagram: @cinefilo.usc

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Proxecto MENTES

Destinatarias Estudantes do GLLM da mención de Francés, especialmente estudantes de 1º, 3º e 4º

Organiza Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy e Nuria Rodríguez Pedreira do Grupo de investigación FraDiS (Francés Discurso e Semiótica)

Datas Do 1 ao 15 de outubro.

Enderezo electrónico de contacto emmanuel.bourgoïn.vergondy@usc.gal; nuria.rodriguez@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social @filoloxiafrancesausc

Descrición da actividade

O proxecto MENTES está dirixido ao estudiantado do Maior de Francés coa finalidade de favorecer a integración académica e persoal na universidade. A través dun programa de mentoría entre iguais, estudantes de cursos superiores ofrecen orientación, recursos e apoio aos compañeiros e compañeiras que inician a súa etapa universitaria. Trátase dunha iniciativa que promove a colaboración, o intercambio de experiencias e a creación dunha comunidade máis cohesiónada e solidaria dentro da nosa facultade. Se estudas francés, tanto se queres axudar como se precisas apoio, MENTES é para ti.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade

Defensa de **Tese de Doutoramento** de María Luisa Castro Delgado: "La poética valleinclaniana del personaje masculino en "Fermeninas" (1895),"Cofre de sándalo (1909) y "Corte de amor" (1903-1922)".)

Destinatarias Membros da Facultade de Filoloxía

Organiza Margarita Santos Zas, directora da Tese de Doutoramento antedita

Datas 6 de outubro de 2025

Lugar Salón de Graos da Facultade de Filoloxía

Horario 11.30h

Enderezo electrónico de contacto margarita.santos@usc.es

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Acto de inauguración oficial do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS)

Destinatarias PDI, estudantes

Organiza Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS)

Data 7 de outubro de 2025

Lugar Sala de Graos da Facultade de Filoloxía

Horario 12:00-13:30

Enderezo electrónico de contacto mariajose.alonso@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://www.usc.gal/es/investigar-en-la-usc/investigar/institutos-centros-investigacion/institutos/iLTIUS>

Descrición da actividade

O martes 7 de outubro desenvolverase na Sala de Graos da Facultade de Filoloxía, a partir das 12 horas, o acto oficial de inauguración do Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias (iLTIUS). Intervirán o Reitor, a Vicerreitora de Política científica, o Decano e a directora comisaria do Instituto. A continuación, haberá unha táboa redonda sobre os desafíos da investigación en lingüística e literatura, na que intervirán tres garantes do iLTIUS, moderados pola secretaria comisaria.



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

iLTIUS
Instituto de Investigacións
Lingüísticas e Literarias da USC

Martes, 7 de outubro de 2025
Sala de Graos da Facultade de Filoloxía

12:00 Inauguración oficial do iLTIUS
Interven: **O Reitor da USC, Antonio López Díaz.**
A Vicerreitora de Política Científica, Pilar Bermejo Barrera.
O Decano da Facultade de Filoloxía, Elías Feijo Torres.
A directora comisaria do iLTIUS, María José Alonso Veloso.

12:30 Táboa redonda *O iLTIUS ante os desafíos da investigación lingüística e literaria*
Interven: **José Virgilio García Trabazo,** Grupo CLASMED (Estudos Clásicos e Medievais).
Ignacio Palacios Martínez, Grupo LAEAITDT (Lingüística Aplicada ó Ensino e Aprendizaxe do inglés, Tradución e Deseño textual).
Pilar Lorenzo Gradín, Grupo Quevedo (El Siglo de Quevedo).
Modera: **Tamara Bouso Rivas,** secretaria comisaria do iLTIUS.

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Texto e imaxe na Idade Media: o ms. 1 azul da Crónica de 1344, unha cartografía de alertas

Destinatarias Toda a comunidade

Organiza Grupo de investigación GI-1350 _ Románicas

Data 14 de outubro


Lugar Salón de Graos

Horario 11 h. - 12,30 h.

Enderezo electrónico de contacto esther.corral@usc.gal

Descrición da actividade

A conferencia “Texto e imaxe na Idade Media: o ms. 1 azul da Crónica de 1344, unha cartografía de alertas”, a cargo da Profª Isabel Barros Dias (Universidade Aberta - Portugal), analizará a complexa relación entre texto e imaxe nun manuscrito singular que transmite a principal obra historiográfica portuguesa anterior ao século XV. O chamado “manuscrito azul” destaca polas resignificacións políticas e, ademais, pola súa excepcional riqueza de miniaturas e polas solucións formais innovadoras que serán obxecto de análise.



**Texto e imaxe na Idade Media:
o ms. 1 azul da Crónica de 1344,
unha cartografía de alertas**

Profª Isabel Barros Dias
(Universidade Aberta - Portugal)

Martes, 14 de outubro, ás 11 h.
Salón de Graos (Facultade de Filoloxía)

Actividade recoñecida polo PD de Estudos Medievais
GI-1350 Románicas

USC FACULTADE DE FILOLOXÍA

ILTIUS

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Conferencia da Prof. Maria Polinsky (University of Maryland): Grammatical competition: Theoretical prerequisites and bilingual situations

Organiza GI Gramática do español

Data Venres 17 de outubro

Lugar Sala académica


Horario 11h.

Enderezo electrónico de contacto

victoria.vazquez@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://gramatica.usc.es/gl/events>



CONFERENCIA

Grammatical competition: Theoretical prerequisites and bilingual situations

Prof. Maria Polinsky

University of Maryland

17 de outubro, 11h

Facultade de Filoloxía, Sala académica



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Conferencia da Dra. Mily Crevels (Universiteit Leiden): El rompecabezas de la enorme diversidad lingüística en el área Guaporé-Mamoré y más allá

Organiza Grupo Gramática do español

Data Venres 17 de outubro

Lugar Sala académica


Horario 12h

Enderezo electrónico de contacto

victoria.vazquez@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://gramatica.usc.es/en/events>



CONFERENCIA

**El rompecabezas de la enorme diversidad
lingüística en el área Guaporé-Mamoré y más allá**

Dr. Mily Crevels

Universiteit Leiden

17 de outubro, 12h

Facultade de Filoloxía, Sala académica



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Estudar en Alemaña e bolsas do DAAD

Organiza Katharina Heiber, Lectora do DAAD

Data 09 de outubro

Lugar B10

Horario 15:30

Enderezo electrónico de contacto

katharina.heiber@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social

https://www.instagram.com/aleman_no_camino?utm_source=ig_web_button_share_sheet&igsh=ZDNlZDc0MzIxNw==

Descrición da actividade

Nesta charla informativa coñeceremos o DAAD e dúas convocatorias de bolsas en detalle: para cursos de verán en Alemaña e para estudar un mestrado en Alemaña. Trátase dunha oportunidade única para descubrir novas posibilidades académicas e vitais, ampliar horizontes e abrir portas ao teu futuro.



DAAD España
Deutscher Akademischer Austauschdienst
Servicio Alemán de Intercambio Académico

09 de outubro ás 15:30 h
CHARLA INFORMATIVA
Estudar en Alemaña e bolsas do DAAD

USC Filoloxía B10

16 de outubro ás 14 h
TÁNDEM Y CAFÉ
TANDEM ALEMÁN – GALEGO – CASTELÁ

USC Filoloxía 302

Actividades/Informacións académicas

Organising Committee

Idalete da Silva Dias (U. Minho)
María José Domínguez (USC, Coordinator)
Besim Kabashi (EKUT, Coordinator)
Elena Martín Cancela (UDC)
Vitor Miguez Rego (USC)
Lola Mosquera Sánchez (USC)
Martín Pereira Fariña (USC)
María Teresa Sanmarco Bande (USC, Secretary)
Carlos Valcárcel Riveiro (UVigo)

Languages

English, Deutsch, Español, Galego

Contact Us

 mt.sanmarco@usc.es



Semantic Annotation, Dictionaries and AI

9–10 October 2025
Facultade de Filoloxía – Room B03
Universidade de Santiago de Compostela

9 October

9:30–10:00 Arrival of participants and opening ceremony

10:00 María José Domínguez (Universidade de Santiago de Compostela), *ESMAS-ES+ im Zeitalter der künstlichen Intelligenz*

10:40 Besim Kabashi (Eberhard Karls Universität Tübingen), *Thank you, Generative AI, I just wanted to know what you think about it and how you would do it ... I'll do it or the rest myself*

11:20 Daniel Mora (Pontificia Universidad Católica de Valparaíso), *Is the model reading or just counting words? Explainability in Automatic Essay Scoring*

12:00 Coffee break

12:30 Carlos Valcárcel (Universidade de Vigo), *Optimising Semantic Tagging with AI: An Example in Practice*

13:10 Idalete da Silva (Universidade do Minho), *AI and the Humanities: From the Annotated Corpus to Public Knowledge*

Lunch

16:00–19:00 ESMAS-ES+ team meeting

10 October

10:00 Workshop: *Everything we can't do well enough on our own? On the connection between lexicography and AI*. Participants: María José Domínguez, Isaac González, Besim Kabashi, Daniel Mora, María Teresa Sanmarco e Carlos Valcárcel.

11:00 Meeting with PhD students, EMLex master's students and research group members. First slot:

11:00 Iván Arias, *Noun valency at the crossroads: a new methodological proposal for lexicographic data retrieval*

11:15 Jorge Fernández Avilés, *Methodological Perspectives on Corpus-Assisted Ecolinguistics*

11:30 Luke Akinremi, *From Concept to Dictionary: Building a Yoruba–English Parallel Corpus*

11:45 Lucía del Castillo, *From words to meaning: the evolution of machine translation systems and the role of semantics*

12:00 Coffee break

12:30 Meeting with PhD students, EMLex master's students and research group members. Second slot: *Formative Session for EMLex Students: Research Ideas and Academic Dialogue with Isaac González (USC)*. Participants: Larissa C. Ferreira, Miguel A. López Alfonso, Alaa Hassan, together with the other students of the EMLex Master's Programme.

13:30 Closing session

Axente que organiza Máster EMLex e grupo de investigación do proxecto ESMAS-ES+

Enderezo electrónico de contacto mt.sanmarco@usc.es

Ligazón á páxina web ou rede social <http://portlex.usc.gal/eventos/semantic-annotation-dictionaries-and-ai-xornadas-internacionais-na-usc-9-e10-de-outubro-de-2025/>

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade VIII Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística. Cartografías da lingua: variación, contacto e planificación (CIDS 2026)

Organiza Grupo FILGA

Data 13-16 de xullo de 2026

Lugar Facultade de Filoloxía

Horario Por determinar

Enderezo electrónico de contacto cids8.congreso@usc.gal

Descrición da actividade

O VIII CIDS 2026, organizado polo Instituto da Lingua Galega en parcería co Projeto do Atlas Lingüístico do Brasil, pretende ser un espazo de intercambio e reflexión sobre a diversidade lingüística, a variación dialectal e as dinámicas sociolingüísticas, en contextos actuais e históricos. Nesta edición prestarase unha atención especial aos procesos de variación nas situacións de contacto lingüístico e ás estratexias de planificación e xestión da diversidade lingüística.

As persoas interesadas deberán enviar un **resumo** (máx. 300 palabras, bibliografía non incluída), **antes do 15 de novembro** de 2025 (na próxima circular indicarse o método de envío). A notificación de aceptación realizarase antes do 15 de xaneiro de 2026.



Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Simposio ILG 2025. A intelixencia artificial e a lingua galega: oportunidades e riscos

Organiza Grupo FILGA

Datas 18-20 de novembro de 2025

Lugar Sala de graos da Facultade de Filoloxía

Horario 16:00 a 18:30 h

Enderezo electrónico de contacto marta.negro@usc.gal

Ligazón á páxina web ou rede social

<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2025>

Descrición da actividade

Este simposio quere ofrecer unha ocasión para reflexionar sobre o presente e o futuro da lingua galega na era dixital. Neste contexto, o Proxecto Nós de tecnoloxías lingüísticas busca abrir novas perspectivas e tirar as posibles vantaxes desta situación de mudanza. Neste simposio buscamos explorar estas oportunidades, mais tamén botar unha mirada crítica ás tecnoloxías baseadas na intelixencia artificial. Para iso, ademais de presentar o desenvolvemento da IA e ilustrar o funcionamento das principais ferramentas en tecnoloxías lingüísticas, trataranse tamén de maneira específica os problemas éticos e legais que aparecen con estas aplicacións, así coma as súas repercusións para certas profesións: xornalistas, actores e actrices ou profesionais da tradución.

SIMPOSIO ILG 2025
A INTELIXENCIA ARTIFICIAL
E A LINGUA GALEGA
Oportunidades e riscos

18-20/11/2025
Facultade de Filoloxía USC

USC **ilg** Instituto da Lingua Galega **NOS** CLARIAH-GAL

ALIA Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU XUNTA DE GALICIA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Actividades/Informacións académicas

Título da actividade Actividade formativa en tecnoloxías da fala cun crédito ECTS recoñecido

Destinatarias Estudantes da USC

Axente que organiza Proxecto Nós (<https://nos.gal/gl/proxecto-nos>)

Datas Todo o curso académico

Lugar Online

Horario Libre

Enderezo electrónico de contacto adina.vladu@usc.gal

Ligazón á páxina web https://ilg.usc.gal/gl/actividades/recollida_validacion_datos_de_voz_galego

Descrición da actividade Esta actividade formativa, ofrecida polo Proxecto Nós en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, presenta un percorrido teórico e práctico de 25 horas polas tecnoloxías da fala en galego. As persoas participantes familiarizaranse coas tecnoloxías da fala en galego, as súas aplicacións e os datos necesarios para o seu desenvolvemento e participarán na recollida de datos lingüísticos a través da gravación e validación de fragmentos de voz en galego na plataforma Common Voice. Finalmente, terán que presentar un informe que reflicta a súa experiencia.

Common Voice é unha plataforma pública de datos de voz alimentada por persoas voluntarias que doan a súa voz e contribúen xulgando como válidas ou non as doazóns feitas por outras persoas. O obxectivo deste proxecto colaborativo é crear grandes corpus de datos orais que poidan ser empregados para adestrar modelos de recoñecemento da fala en galego.

As competencias adquiridas mediante a participación nesta actividade están certificadas pola USC como formación a través do recoñecemento dun crédito ECTS.

proxecto **NÓS**

Recollida e validación de datos de voz en galego a través de Common Voice



Únete e contribúe ao futuro do galego nas tecnoloxías da fala!

Duración: 25 horas

Titulación: Todas

Prazo: 30 días dende a inscrición

Créditos: 1 ECTS

Inscripcións e máis información:



O Proxecto Nós con referencia 2022/PL22/00215.336 está financiado polo Ministerio de Transformación Dixital e polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

ALUMNOS TITORES DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



ARTURO DÍAZ

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORES,
ENCARGADOS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA
SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA,
ESTRUTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E
FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...).
SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

**ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES
PARA ESCOITARTE**

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:




IRIA LIÑARES

arturojose.diaz@rai.usc.es

iria.linaires@rai.usc.es

A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC



filoloxiausc.bsky.social

@filoloxiausc.bsky.social

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia